



## Concello de Monterroso

BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE UNA PRAZA DE TÉCNICO/A DE TURISMO PARA O CONCELLO DE MONTERROSO MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA (OBRA OU SERVIZO DETERMINADO)

### 1.- OBXECTO

O obxecto da convocatoria, logo de declarar que a contratación que se pretende afecta ao funcionamento de servizos públicos esenciais e realízase con carácter excepcional para cubrir necesidades urxentes e inaprazables conforme ao disposto no artigo 20 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, do Orzamento Xeral do Estado, é a selección de persoal laboral para ocupar, con carácter laboral temporal, de 1 PRAZA DE TÉCNICO/A DE TURISMO (obra ou servizo determinado) de conformidade co disposto no artigo 15, do Estatuto dos traballadores, a xornada completa de 7 horas diarias, cun salario bruto mensual de 1.015 € (por todos os conceptos retributivos incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias) con cargo á aplicación presupostaria 432.13100 e 432.16000, e ao o convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e os Concellos Galegos do camiño francés para actuacións de limpeza e mantemento do camiño francés, e de atención e información ao peregrino. O contrato terá unha duración de catro meses. As súas tarefas serán as propias da súa categoría relacionadas coa información continuada e específica de todo o Camiño Francés aos peregrinos que se atopen no Concello.

Así mesmo e de acordo cos principios de igualdade, eficacia, eficiencia, adecuación do candidato co perfil do posto a desempeñar, estas bases terán por obxecto crear unha bolsa de traballo en relación con esta praza en concreto para os supostos de renuncia ou outra causa que impida ao/á aspirante/a seleccionado/a desempeñar o posto a cubrir.

A duración desta bolsa será até a creación dunha nova bolsa derivada da celebración e convocatoria dun novo proceso selectivo para esta mesma categoría profesional. A bolsa constituírse de acordo co disposto na base 7.4 sendo que o nomeamento dos integrantes da bolsa valorarase por orde de puntuación.

### 2.- REQUISITOS

Os/as aspirantes que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española. Os nacionais dos estados membros da Unión Europea poderán acceder en igualdade de condicións que os españois.

As previsións anteriores serán de aplicación, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

O acceso ao emprego público como persoal funcionario, estenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación dos traballadores nos termos establecidos no parágrafo primeiro

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617

Marcelino Vázquez García (1 para 1)  
PRIMEIRO TENENTE ALCALDE  
Data de Sinatura: 02/05/2019  
HASH: 72afccc0b666464293a8c465e0df549



Cod. Validación: 5C9FVAP157N.L23ADA72DE7P5 | Corrección: <http://monterroso.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 9



## Concello de Monterroso

Os estranxeiros aos que se refiren os parágrafos anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España, poderán acceder ás administracións públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas
- c) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin se encontrar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se encontrar inhabilitado ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Non estar incursos/as en causa de incapacidade prohibición para contratar ou incompatibilidade das establecidas na normativa vixente do persoal ao servizo das administracións públicas.
- f) Requisitos específicos:

- 1. Posuír formación en turismo que se acreditará dalgunha das seguintes maneiras:
  - Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias ) do título académico de formación profesional do Ciclo Superior de Información e Comercialización Turísticas, de Animación Turística ou de Axencia de Viaxes, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. Tamén Diplomado en Turismo ou Licenciado ou Grao en Turismo.
  - Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias ) dun título académico de formación profesional do Ciclo Superior, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente ou tamén Diplomado ou Licenciado ou Título de Grao e un curso de turismo dun mínimo de 300 horas impartido ou homologado polas administracións ou organismos públicos.
- 2. Estar en posesión do nivel avanzado B2 de inglés.

Os anteriores requirimentos deberán reunirse con referencia ao derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e será nulo o nomeamento como persoal laboral temporal dos/as aspirantes que estean incursos en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

### 3.-INSTANCIAS

Os/as aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante instancia na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na convocatoria.

A instancia axustarase ao modelo que conteñen como Anexo I as presentes bases dirixidas ó señor alcalde da Corporación, e presentarase no Rexistro Xeral do Concello no prazo de 6 días naturais contados a partir do seguinte día hábil ao da publicación da convocatoria no boletín oficial da provincia de Lugo, no taboleiro de edictos da casa do Concello, e na web [www.monterroso.es](http://www.monterroso.es).

## Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



Cod. Validación: 6C8FWA-PY5TNI-23ADAA72DE7P6 | Corrección: <http://monterroso.sedelectronica.es>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 9



## Concello de Monterroso

---

Igualmente, poderán presentarse a través do procedemento previsto no art. 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Neste suposto, será necesario adiantala por fax ó nº 982377617, antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

Á instancia xuntarase fotocopia cotexada do documento nacional de identidade. Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar unha fotocopia do documento que acredite a súa nacionalidade e, de ser o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo do nacional doutro Estado co que teñan o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar declaración xurada ou promesa deste de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o/a aspirante vive a expensas ou está ao seu cargo.

Os/as aspirantes deberán achegar inescusablemente á instancia para a valoración dos méritos unha relación do que aleguen e os documentos acreditativos ou fotocopias cotexadas de todos e cada un dos méritos alegados que sexan puntuables segundo as bases específicas que correspondan.

No prazo de corrección non se poden alegar méritos non alegados coa solicitude inicial. Os méritos valoraranse con referencia á data na que remate a presentación de instancias.

### 4.- ADMISIÓN DE CANDIDATOS/AS

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias, o Alcalde ditará resolución que conterá:

- a lista provisional de admitidos e excluídos coa especificación do motivo da exclusión.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello.

2.- Concederase un prazo de 2 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para a emenda de posibles deficiencias polos aspirantes excluídos, que se aceptarán o rexeitarán mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos que conterá:

- a designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución

- a data, hora e lugar en que se valorarán os méritos alegados polos candidatos e se realizará a proba escrita.

3. No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

4. Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde a citada data. Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

### 5.- COMISIÓN SELECCIONADORA.-

A Comisión de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por **5 membros**, designados mediante Decreto de Alcaldía.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

---

## Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





## Concello de Monterroso

---

A Comisión de selección deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros e sempre a do Presidente e o Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 30/1992 de 26 de novembro.

Os acordos serán adoptados por maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do/a Presidente/a.

O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art. 28 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no art. 29 da Lei 30/1992.

Para os efectos de asistencia, os compoñentes da comisión seleccionadora que actúen nestas probas terán a categoría 3 de conformidade co que dispón o artigo 30 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, e serán retribuídos segundo establece o dito R.D.

### 6.- FASES DO PROCEDEMENTO SELECTIVO

O proceso selectivo constará de dúas fases: a primeira corresponderá á fase de concurso; a segunda corresponderá á realización dunha proba escrita.

Deberán realizar unha proba de galego, excepto para aqueles aspirantes que presenten o certificado, orixinal ou fotocopia cotexada, de ter superados os estudos conducentes á obtención do certificado de Celga 4, expedido por organismo oficial para o efecto ou validado.

#### 6.1.- VALORACIÓN DOS MÉRITOS (FASE DE CONCURSO)

No concurso, que en ningún caso terá carácter eliminatorio, valoraranse os méritos que concorran nos aspirantes ao finalizar o prazo de presentación de solicitudes conforme ao baremo que se inclúe no anexo II desta convocatoria, e de acordo cos documentos presentados polos aspirantes acompañando á solicitude.

A valoración da fase de concurso será efectuada pola comisión seleccionadora. Nos documentos acreditativos da realización dos cursos deberá constar a duración deles.

Os méritos valoraranse con referencia á data na que remate a presentación de instancias, e acreditaranse no momento de formalizar a solicitude de participación, presentando os documentos orixinais, ou fotocopias cotexadas, xa que non se terán en conta, nin se valorarán aqueles que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias.

#### 6.2.- PROBA ESCRITA

Consistirá nunha proba por escrito con varias preguntas acerca do Camiño de Santiago ao seu paso por Monterroso e acerca do patrimonio material e inmaterial do Concello.

Valorarase con 6 puntos

---

### Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



Cod. Validación: 5C9F-WAPY5T-NL23ADAA-72DE7P6 | Corrección: <http://monterroso.seleccionca.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 9



## Concello de Monterroso

---

### 6.3.- PROBA DE GALEGO

De carácter obrigatorio e eliminatorio, agás para aqueles aspirantes que presenten o certificado, orixinal ou fotocopia cotexada de ter superados os estudos conducentes á obtención do certificado CELGA 4, expedido por organismo oficial para o efecto ou validado.

Consistirá na tradución dun texto facilitado polo comisión seleccionadora do castelán ao galego nun tempo máximo de trinta minutos coa cualificación final de “apto” ou “non apto”.

O mesmo día designado para a realización da proba escrita efectuarase a proba de galego, se iso fose posible, cuestión que se fará saber aos aspirantes, sinalando a hora de realización a través do taboleiro de edictos e da páxina web municipal.

### 7.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO

A puntuación total dos participantes virá determinada, pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso e na proba escrita.

En caso de empate, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación no punto 6.2 (proba escrita), no punto de experiencia laboral e así sucesivamente ata que se desempate. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O Tribunal publicará a relación de aprobados pola orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios e elevará dita relación ao Alcalde- Presidente que aprobará a relación de candidatos pola súa orde de prelación aos efectos da formación das bases de emprego.

### 8.- REGLAS DE FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE TRABALLO.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria, para cubrir postos que queden vacantes, entón acudirán a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria. A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado e o Convenio coa Axencia Turismo de Galicia.

Unha vez valoradas todas as instancias e realizadas as probas escritas, a Comisión seleccionadora propondrá ó señor alcalde a contratación daquel aspirante que obtivese a maior puntuación, sen que poidan ser propostos máis aspirantes dos que correspondan ao posto de traballo que se pretende contratar.

### 9. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O/a aspirante proposto, antes do seu nomeamento e no prazo de 5 días naturais seguintes a aquel no que se lle requira, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

- a) Copia cotexada dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.
- b) Declaración xurada de non estar afastado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios

---

**Concello de Monterroso**

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



Cod. Validación: 509FVWA PY5T NL23A ADA A72DE7P6 | Corrección: <http://monterroso.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 9



## Concello de Monterroso

das comunidades autónomas nin se atopar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. (ANEXO IV)

- c) Declaración xurada de non se achar incurso en causa de prohibición, incompatibilidade ou incapacidade. (ANEXO IV)
- d) Certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.

Se dentro do prazo fixado, excepto casos de forza maior, non presente a documentación ou do exame desta se deducise que carece dalgún dos requisitos sinalados nas bases da convocatoria non poderá ser nomeado/a e anuláranse as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que, de ser o caso, podería ter incorrido por falsidade nos datos declarados na instancia.

Será competencia do alcalde a formalización do contrato laboral co/coa aspirante seleccionado/a. Ata que non se formalice o contrato o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percepción económica ningunha.

### 10.- PERÍODO DE PROBA

Logo de transcourir satisfactoriamente o período de proba a que se refire o artigo 14 do Estatuto dos traballadores, o/a aspirante proposto/a adquirirá a condición de persoal laboral temporal.

### 11.- DISPOSICIÓN APLICABLES

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 30/1984 do 2 de agosto de medidas para a reforma da función pública modificada pola Lei 22/1993 do 29 de decembro; na Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Real decreto legislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; no Real decreto 896/1991 do 7 de xuño, sobre regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección dos funcionarios da Administración local; no Decreto do 20 de marzo de 1991 da Comunidade Autónoma de Galicia; no Real decreto 364/1995 do 10 de marzo, que aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado; no Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores; na Lei 7/2007 do 12 de abril pola que se aproba o Estatuto básico do emprego público, Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei da función pública de Galicia e nas demais disposición aplicables e concordantes.

### 12. IMPUGNACIÓN

A convocatoria e as súas bases, así como cantos actos administrativos delas se deriven, poderán ser impugnados/as polos/as interesados/as nos casos e na forma previstos na Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



Cod. Validación: 5C8FVWAPY5TKLZ3ADAY2DE7P6 | Corrección: http://monterroso.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 9



## Concello de Monterroso

### ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE 1 PRAZA DE TÉCNICO/A DE TURISMO PARA O CONCELLO DE MONTERROSO MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA.

D. /D<sup>a</sup> .....

Natural de ..... Provisto de DNI .....

Con domicilio a efectos de notificación en .....

Teléfono .....

Diante de vostede comparezo e expoño:

Que reúno tódalas condicións esixidas polas bases da convocatoria para a contratación de persoal laboral temporal do Concello de Monterroso.

Documentación que se adxunta:

	Fotocopia de DNI.
	Copias cotexadas das certificacións ou diplomas que acreditan os cursos realizados polos aspirantes
	Copias cotexadas dos contratos de traballo e/ou certificacións de servizos prestados expedidas polos organismos oficiais no que se prestaron.
	Copias cotexadas de documentos acreditativos de calquera outro requisito esixido na convocatoria.

....., 2019

ASDO.....

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONTERROSO,

**Concello de Monterroso**

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



Cod. Validación: 5C9FWA-PY5T-NL23-ADAA-72DE7PS | Corrección: <http://monterroso.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 9



## Concello de Monterroso

### ANEXO II

#### BAREMO DE MÉRITOS QUE REXERÁN ESTA CONVOCATORIA

Na fase de concurso valorarase o seguinte:

- a) Por cada mes completo de servizos prestados en praza ou posto de similar ou análoga natureza á da praza convocada, acreditado cos contratos de traballo ou certificados das empresas xunto co informe de vida laboral: 0,2 por mes ata un máximo de 3 puntos. Para estes efectos considéranse os meses de trinta días. Os servizos prestados a tempo parcial computaranse proporcionalmente.
- b) Por coñecemento de outros idiomas ata un máximo de 3 puntos:

Nivel básico A2: 1 puntos

Nivel Intermedio B1: 2 puntos

Nivel Avanzado B2: 3 puntos

Só se valorará o curso máis alto e a puntuación outorgada ao curso superior exclúe a outorgada ao curso inferior.

- c) Celgas, cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente até un máximo de 2 puntos:

- Celga 5: 1,25 puntos.
- Curso de Linguaxe Administrativa Nivel Medio: 1,5 puntos
- Curso de Linguaxe Administrativa Nivel Superior: 2 puntos.

Só se valorará o curso ou Celga máis alto e a puntuación outorgada ao curso superior exclúe a outorgada ao curso inferior.

- d) Cursos, xornadas, seminarios, etc., de formación relacionada co posto de traballo superados, homologados ou recoñecidos por escolas públicas de formación de persoal ao servizo das administracións públicas, por administracións públicas e universidades, até un máximo de 4 puntos.

- Cursos de 10 a 50 horas relacionados coa materia obxecto do posto de traballo: 0,5 puntos por cada curso.
- Cursos de máis de 50 a 100 horas relacionados coa materia obxecto do posto de traballo: 1 puntos por cada curso
- Cursos de máis de 100 e ata 200 horas relacionados coa materia obxecto do posto de traballo: 1,5 puntos por cada curso
- Cursos de máis de 200 horas relacionados coa materia obxecto do posto de traballo: 2 puntos

Nos documentos acreditativos da realización dos cursos, xornadas, seminarios, etc., deberá constar a duración deles expresada en horas.

### Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



Cod. Validación: 5CSF-WAPY5T1NL23ADAA72DE7P6 | Corracción: <http://monterroso.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 9





## Concello de Monterroso

---

### ANEXO III

Consistirá nunha proba por escrito con varias preguntas acerca do Camiño de Santiago ao seu paso por Monterroso e acerca do patrimonio material e inmaterial do Concello.

### ANEXO IV

#### MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

Don/a ....., con domicilio en ..... con DNI n.º ....., declaro responsablemente, para os efectos de ser nomeado/a ..... no Concello de Monterroso,

- que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- que non me atopo incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade segundo o establecido na lexislación vixente.

Monterroso, ..... de ..... de 2019

Asdo. ....

---

### Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



Cod. Validación: 5C9FVA-PY5TNL23ADA72DE7P6 | Corrección: <http://monterroso.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9

